

## MESA SECTORIAL

25/06/2024

### 1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 8 DE MAIO

Adiase este punto da Orde do día ao non estar rematada a acta da sesión referida.

### 2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL, POLA QUE SE DITAN INSTRUCCIÓN SOBRE A ORDENACIÓN E A ORGANIZACIÓN DOS GRAOS D E E DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O CURSO 204-2025.

Desde ANPE Galicia levamos denunciando desde hai tempo o enorme retraso e o caos producido na publicación dos Reais Decretos e modificacións que se fixeron posteriormente (a última delas aínda o pasado día 12). Estes R.D son imprescindibles para que a Comunidade Autónoma poida realizar os seus correspondentes desenvolvementos normativos e cumprir co calendario de implantación da nova Formación Profesional, que será Dual en todos os ciclos formativos e que, no vindeiro curso escolar entrará en vigor no primeiro curso.

O Ministerio actúa tarde e amosando falta de interés (debemos ter en conta que na última mesa a nivel Estatal non houbo ningún representante de FP por parte do Ministerio). Tamén é mostra dese desinterés o feito de que aínda existan 5 títulos LOXSE que se seguen impartindo e, cuxa adaptación, non soamente á nova FP dual, senon á propia LOE non se contempla.



Outro aspecto importante para o profesorado de Formación Profesional, pero tamén para o profesorado en xeral, é a compatibilidade. Hai que cambiar e actualizar a regulación da compatibilidade aos novos tempos. É moi importante que os docentes que imparten os módulos de Formación Profesional poidan traballar en empresas do sector e que os traballadores de ditas empresas poidan, á súa vez, ser nomeados funcionarios docentes.



Como consideracións previas amosamos a nosa preocupación pola nova Lei de Ensinanzas Artísticas que entrará en vigor o día 5 de xullo, e para a cal, o Estado ten un prazo dun ano para a súa implantación. Consideramos que hai determinados aspectos que a Administración Autonómica pode ir adiantando, como o feito de facer un estudo detallado das implicacións das sentenzas no caso dos catedráticos de música de cara a poder ofertar un amplo número de prazas de oposición ou a selección de directores/as (por elección directa ou por concurso de méritos). É importante abordar tamén o establecemento dun complemento compensador para os mestres e mestras de taller.

Con respecto ao tema que nos ocupa é importante abordar o establecemento dun mapa definitivo da Formación Profesional galega cando se solucione o caos normativo xerado polo Ministerio. Desde ANPE, neste senso, preocupámonos especialmente o feito de que exista un número cada vez maior de oferta de ciclos privados en localidades onde existe oferta pública e que acaban por rematar con dita oferta

## MESA SECTORIAL

25/06/2024

pública. ANPE Galicia, como sindicato que defende unicamente o ensino público aboga pola defensa exclusiva do mesmo.

Entrando no texto da resolución, estamos de acordo con que se plantexe un único módulo optativo para todos os centros.

Con respecto ao módulo de inglés profesional, desde ANPE Galicia consideramos que a mellor opción é que sexa impartido por propio profesorado do centro que teña a habilitación C1 xa que se trata dun inglés moi técnico e específico de cada ciclo. De non ter profesorado con esta habilitación, ¿cómo se faría? Neste sentido ANPE Galicia sempre aboga polo feito de que o alumnado galego remate os seus estudos controlando e dominando os tres idiomas (castelán, galego e inglés).

Demandamos unha mellor redacción do apartado terceiro subepígrafe a).

No apartado 10 solicitamos que se faga unha descripción dos tres módulos e que se concrete como vai a ser o reparto.

No apartado 11 consideramos oportuno que se solicite que, antes de entrar nas empresas, o alumnado conte coa formación en Prevención de Riscos Laborais, polo que, demandamos que se lles proporcione o antes posible para facilitar a incorporación do alumnado ás empresas.

No apartado 12 demandamos que se aclare o número de horas asignado aos titores e titoras de formación nas empresas.

Demandamos tamén que a Administración use con cautela e limitado soamente aos casos estritamente necesarios a posibilidade de contar con profesorado procedente de profesionais do sector productivo e que non conte con titulación do mesmo xeito que leva facendo desde hai anos coas figuras dos profesores especialistas.

Demandamos a ampliación da duración en horas dos ciclos que permite o R.D 659/23 (2200 en dól ordinario e 2700-2800 en dual intensiva).

Para finalizar, amosar a nosa preocupación de que o tecido productivo galego non sexa suficiente para absorber a demanda de formación en empresas dos ciclos e que esta formación non conte coa suficiente calidade cando se teña que impartir nos propios centros docentes xa que na resolución que se nos presenta non aparece claro como se vai a articular este aspecto.

Demandar tamén unha flexibilidade maior coas datas das Programacións didácticas do curso que ven dado o caos que existe na actualidade.

**3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ORDE POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA FINANCIAR OS GASTOS POR ASISTENCIA A ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NON UNIVERSITARIO, E SE CONVOCAN PARA O ANO 2024.**

En primeiro lugar destacar que o importante aumento da contía das axudas son froito do recollido no Acordo sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo asinado por ANPE Galicia.

No artigo 1, demandamos á Consellería información sobre si se conceden moitas axudas para segundas actividades e se queda remanente. No caso de que quede remanente podería concederse axudas para terceiras actividades.





## MESA SECTORIAL

25/06/2024

**No artigo 4 insistimos en que se duplica a dotación orzamentaria das axudas grazas ao Acordo citado anteriormente e asinado por ANPE.**

Entendemos que non ten moito sentido o recollido no artigo 5.3 xa que parece que se lle piden máis requisitos ao interino (que ten contrato para todo o curso) que a substituto. Debe mellorarse a redacción deste punto.

Agradecer que se recollese a proposta feita o curso pasado por ANPE e recollida no artigo 5.4 de que o poida solicitar o profesorado substituto.

No artigo 5.7 preguntamos se cando se fai referencia ao final do mesmo ao custo da acción que levou a cabo a persoa beneficiaria se inclúen os gastos de manutención e transporte. **A Administración resposta que non.**

No artigo 8 demandamos que no texto figure especificamente a mención a actividades de formación directamente relacionadas co benestar e saúde mental e laboral. En todo caso deben incluírse as actividades de formación da propia Consellería. **A Administración non incluírá as actividades da propia Consellería pero, si acepta a proposta de ANPE de facer referencia explícita a actividades relacionadas co benestar, a saúde mental e laboral**

Demandamos que se actualicen os importes recollidos no artigo 8 (que son os mesmos que o curso pasado) tendo que conta a actualización de dietas por kilometraxe e o aumento do orzamento. **A Consellería sube os importes a 200, 325 e 750 euros.**

No artigo 11 deben establecerse uns criterios para as memorias en canto a tipo de letra, número de caracteres, etc...

No artigo 15 deben incluírse ás organizacións sindicais dentro da comisión de valoración.

### 4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- Demandamos información sobre a situación da elaboración dos distintos ROCS.
- Demandamos unha vez máis a restitución do cobro dos meses de verán para o profesorado substituto que acredite máis de 5,5 meses durante o curso escolar, non soamente por cuestións económicas senon tamén pola perda do recoñecemento do mesmo como tempo traballado.
- Demandamos novamente unha regulación das materias afíns que evite a creación de “prazas a medida” e de perfís “estranos” que se ofertan como vacantes no CADP.
- Demandamos que a Consellería de Educación asuma as competencias da etapa de Educación Infantil de 0 a 3 anos.
- Denunciar as diferentes anomalías producidas no comezo dos procesos selectivos para tratar de evitar que se volvan producir ou se aborden de xeito adecuado no momento en que se producen (atasco en Santiago, coincidencia das probas cunha proba deportiva en Pontevedra, instrucións de tribunais de FOL e Tecnoloxía para que se realice a proba en castelán ou non facilitar unha copia da proba en galego), etc. Debe reestablecerse un sistema áxil de comunicacións cos tribunais.



## MESA SECTORIAL

25/06/2024

- Demandamos a modificación da normativa de licenzas e permisos para adaptarse as modificacións normativas do EBEP (parternidade e enfermidade grave) e á regulación do permiso parental parcial para poder levalo a cabo conxuntamente.
- Demandamos que se actualice a Orde de horarios para recoller a redución do horario lectivo do profesorado do corpo de mestres de 25 a 23 horas. **A Administración resposta que as Direccións Territoriais e a Inspección teñen instrucións claras ao respecto para que se aplique o recollido no Acordo de medidas que melloran o sistema educativo.**
- Demandamos que no caso das permutas se facilite a concesión das mesmas no caso de que ambas persoas dispoñan dun perfil lingüístico (nas prazas plurilingües).
- Demandamos a elaboración dunha nova RPT real do profesorado de relixión e se convoque, de xeito inmediato, un concurso para este profesorado. Demandamos que a adxudicación das vacantes que quedan sexan transparentes e que se estableza un CADP para este colectivo. **A Administración comprométese a elaborar unha nova RPT e un Concurso durante o vindeiro curso.**
- Demandamos a reunión da Comisión de seguimento do acordo de interinos para valorar as incidencias na matrícula e presentación nos procesos selectivos.

